



SECCIONES

- Última Hora
- Tema del Día
- Santiago
- Comarcas
- Galicia
- Verano
- España
- Internacional
- Deportes
- Economía
- Cultura
- Sociedad
- Comunicación
- Opinión
- Gente



CANALES

- Autos Lobelle
- Autoridad Portuaria de A Coruña
- Bodas
- CGAC
- Cines
- Clasificaciones fútbol
- Compostela Cultura
- Compras
- Concellos de Galicia
- Cursos
- Defensor del lector
- Deputacións galegas
- Fiestas
- Fórmula 1
- Gallegos del año
- Gastronomía
- Grandes empresarios y profesionales
- Grandes empresas galegas
- Inmobiliario
- Másteres
- Moda
- Motor
- Mundial de Baloncesto
- Música
- Nuevas tecnologías
- Salud balnearios
- Televisión
- Universidad
- Vida social
- Visitas

SERVICIOS

- Agenda 5 estrellas
- Axenda comunicación
- Callejero
- Edición impresa
- Foro Compostela Deporte
- Galería Gráfica
- Horóscopo
- Páginas amarillas
- Páginas blancas
- Portadas en PDF
- Sorteos
- Sudoku

Sociedad

DEREITOS

A loita por unha integración real

A exclusión e o illamento sociais definen a situación de boa parte das persoas xordocegas en Galicia. A Faxpg é a única entidade da comunidade que representa a estes cidadáns, ós que apoia a través dun programa de voluntariado para o acompañamento e comunicación

MONTSE DOPICO • SANTIAGO

"O problema é que a sociedade descoñece o que é unha persoa xorda. Hai unha grande invisibilidade e crese que se trata dunha enfermidade. Todo está pensado para unha sociedade oínte, entón xorden barreiras de comunicación coas persoas xordas, que precisan recursos visuais. As persoas xordas enfróntanse aínda con moitas barreiras en diferentes ámbitos: educación, emprego, e integración social en xeral". O secretario xeral da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg), Enrique Santos, explica deste xeito a situación deste colectivo, que se agrava no caso das persoas xordocegas.

En Galicia non existe ningunha outra entidade, ademais da Faxpg, que represente os intereses e dereitos das persoas xordocegas, para as que botou a andar no 2003 un programa de voluntariado orientado ó acompañamento no tempo de ocio.

"A xordocegueira non está recoñecida oficialmente como discapacidade específica. O principal problema destas persoas é o illamento social e a exclusión na que viven gran parte delas. Poden comunicarse a través da lingua de signos apoiada, que consiste en sinalar sobre as mans da persoa xordocega; ou co alfabeto dactilolóxico, trazando a figura de cada letra sobre a man do xordocego. Pero a gran maioría descoñecen estes modos de comunicación", sinala Geli, coordinadora do servizo de voluntariado da Faxpg.

"É moi importante que a xente saiba que existen, e que eles se decaten de que poden facer cousas. Un dos nosos obxectivos a longo prazo é que se xere un movemento asociativo entre eles. Agora temos 38 voluntarios, que acompañan once persoas, nove delas xordocegas, unha xorda que vive no medio rural e outra xorda cunha discapacidade psíquica. Os voluntarios reciben unha formación específica, e fan quedas, pois tratamos de non sobrecargalos. Hai moi poucos recursos para estas persoas", engade Geli.

A Faxpg leva traballando 25 anos pola calidade de vida, a accesibilidade e a igualdade de oportunidades das persoas xordas. Esta federación, que agrupa sete asociacións galegas, presta diversos servizos para oíntes e persoas xordas. "Hai moita falta de información. Unha persoa oínte e unha xorda poden comunicarse por lectura labial, por xestos, por escrito... O problema é que hai un descoñecemento total. O noso é un traballo a longo prazo", indica Santos.

PROXECTO ENSIGNA: A APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

As posibilidades da aprendizaxe a través de Internet

O Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), a Fundación Faxpg, a empresa Femxa e a Universidade de Santiago puxeron en marcha o pasado outubro o Proxecto Ensigna co obxectivo de desenvolver un curso piloto baseado na utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación para a aprendizaxe da lingua de signos española.

"Polo momento estamos a xerar contidos básicos. Este é un proxecto pioneiro en España e en Galicia, que podería permitir que unha persoa xorda ensinara lingua de signos a persoas oíntes a través de Internet. O obxectivo do proxecto en si non é crear un curso regrado, senón investigar as posibilidades que hai na aprendizaxe desta lingua a través das novas tecnoloxías", explica a responsable de e-learning do Cesga, María José Rodríguez.

"Unha vez avaliada a validez do proxecto, se os resultados son os esperados podería ser aplicado tanto como alternativa á ensinanza presencial coma como complemento da mesma", matiza Rodríguez.

"Nós encargámonos de coordinar as institucións participantes e da análise das solucións tecnolóxicas. O proxecto é financiado pola Dirección Xeral de I+D, ante a que nós presentamos este proxecto, participando nun concurso público de financiamento de proxectos de I+D. A selección de participantes no curso piloto será realizada pola propia Federación de Xordos", comentou a coordinadora de e-learning do Cesga. A aprendizaxe a través da rede suporá, sen dúbida, un avance na integración das persoas xordas .

DIVERSOS SERVIZOS PARA CONTRIBUÍR A SUPERAR AS BARREIRAS

Un sistema educativo aínda non adaptado

"O sistema educativo galego non está adaptado, non hai medios. Neste momento só hai catro universitarios xordos. A Confederación Estatal de Persoas Xordas está a loitar para que se implante un modelo bilingüista, no que o neno aprenda lingua oral e de signos. Para xordocegos, non hai centros específicos en Galicia", destaca Santos.

Dificultades para atopar un emprego

"En emprego avanzouse algo máis. Temos un proxecto de colaboración coa Consellería de Traballo, en virtude do cal en dous anos atoparon emprego 100 persoas. Contamos cun servizo de emprego e orientación laboral. No caso das persoas xordocegas a integración é aínda máis difícil, en Galicia vender cupóns é case o único que poden facer", denuncia Santos.

Desprazamento ata os diferentes concellos

Ademais dos servizos de emprego e voluntariado, a Faxpg oferta outros coma o de asesoría xurídica, o de atención e información e o de intérpretes de lingua de signos. A federación conta cunha unidade móbil con persoas que se desprazan ata os concellos que non dispoñen de servizos de atención ás persoas xordas para informar e formar profesionais e familias.

O recoñecemento da lingua de signos

"En Galicia está en proceso o recoñecemento legal da lingua de signos, que facilitará a accesibilidade en diversos ámbitos. Por exemplo, que esta lingua se use nas aulas, ou que haxa intérpretes en hospitais e nos outros servizos públicos. A Administración amosa unha maior conciencia, pero os recursos seguen a ser escasos", matiza Santos .



ENEMIGOS

Gana entradas y un libro firmado por la banda



Mundial de Baloncesto Japón'06



Canal Fiestas celebraciones populares



Música
Conciertos, discos y noticias

Concellos

Principais concellos de Galicia



El Poder de lo Efímero



Canal Salud

empresas y profesionales seleccionados

AGENDA 5 ESTRELLAS

Galerías gráficas



Webcam




Sorteos



Fundación Compostela Deporte



Marruecos con su "doble juego"



Hogares a pedros de pueblo africano

¿Cree que la victoria de España en el Mundial de baloncesto es el mayor hito del deporte español?

- Si
- No

aceptar resultados